

A.D. 22/11/2013



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edif. Admtvo. San Caetano,
Bloque 3
15781 Santiago de Compostela



CONCELLO DO CORGO

22 NOV. 2013

Número 1976
REGISTRO XRAL. ENTRADA

Data 21/11/2013 08:59:05

PTU-LU-11/087
CORGO, O (LUGO)
DSNR CHAMOSO, SAN FIZ DE
PARADELA
AD - Notif. Resolución
Páx. 1 de 3

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 110965 / RX 739766



galicia

Sr. Alcalde do Concello do Corgo
(Lugo)

Notifícolle que con data 20/11/2013, a secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ditou a resolución que literalmente di:

"RESOLUCIÓN DO 20 DE NOVEMBRO DE 2013 SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE CHAMOSO, SITO NA PARROQUIA DE SAN FIZ DE PARADELA, DO CONCELLO DE O CORGO (expte. PTU-LU-11/087)

O Concello de O Corgo remite o expediente de referencia, aos efectos de resolver sobre a súa aprobación definitiva, conforme á Disposición Adicional 2ª.2 da Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

I. ANTECEDENTES

a) O 22.12.2011 esta Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ditou Resolución desfavorable sobre un proxecto de delimitación do núcleo de Chamoso datado en abril de 2011, indicando a necesidade de introducir as oportunas correccións ou xustificacións.

b) O Concello de O Corgo remite novo proxecto de delimitación, redactado en marzo de 2013 polo arquitecto técnico D. Antonio Javier Núñez Núñez, aprobado provisionalmente polo Concello o 01.08.2013 trala emisión de informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 12.06.2013.

c) O concello de Corgo carece de instrumentos de planeamento xeral, rexéndose polas normas de aplicación directa da LOUG e, no que non se opón a estas, polas Normas Complementarias e Subsidiarias de planeamento provincial.

II. ANÁLISE E CONSIDERACIÓNS.

Tendo en conta os anteriores antecedentes, analizada a nova documentación achegada en relación coa emenda das deficiencias sinaladas na Resolución desta SXOTU do 22.11.2011 e vista a proposta literal que nesta mesma data eleva a Subdirección Xeral de Urbanismo, observouse:

a) Apto. III.1 da Resolución (Incumprimento do requisito de consolidación edificatoria; inadecuación da parcela mínima establecida no núcleo rural histórico tradicional): A partir do estudo do parcelario existente, o novo proxecto adopta unha superficie mínima de parcela de 800 m², máis acorde co parcelario existente. Así mesmo, prohibe as





PTU-LU-11/087
CORGO, O (LUGO)
DSNR CHAMOSO, SAN FIZ DE
PARADELA
AD - Notif. Resolución
Páx. 2 de 3

segregacións en base ao "alto valor patrimonial que presenta o núcleo". Deste xeito se reduce de substancialmente o número de parcelas edificables.

Baseándose nesas determinacións, o novo proxecto incorpora unha nova xustificación do requisito de consolidación, aplicando o método gráfico definido na Instrución 4/2011 da CMATI, obténdose unha porcentaxe do 55 % superior á mínima establecido polo art. 13.3.a) LOUG.

b) Apto. III.2 (Inxustificación das aliñacións propostas): Rectifícanse as aliñacións propostas, adaptándose ás aliñacións actuais.

c) Apto. III.3 (Representación indebida das liñas límite de edificación nalgúns tramos viarios; falta de representación de aliñacións entre as parcelas catastrais 80016 e 80022 do polígono 142): Elimínase a representación das liñas límite de edificación (innecesaria). Non se detectan indeterminacións das aliñacións en ningún tramo viario.

d) Apto. III.4 (Insuficiencia da sección viaria no contorno das parcelas 351 e 406 do polígono 142): En consonancia co criterio adoptado, mantéñense as aliñacións actuais no contorno das parcelas indicadas. Non constan necesidades de tráfico ou outras que fixeran necesaria a ampliación, sen prexuízo das posibilidades que podería reportar dita ampliación.

e) Apto. III.5 RSXOTU (Falta de informe da D.X. de Patrimonio Cultural que verifique a cumprimentación das observacións formuladas nun informe emitido o 18.10.2011): Apórtase informe favorable. De acordo coas indicacións da DX de Patrimonio Cultural, inclúese no novo proxecto a catalogación do conxunto edificatorio tradicional de Chamoso e dun hórreo existente nel, incorporando a normativa de protección no aptdo. 11.3.

f) O novo proxecto propón unha delimitación do núcleo rural algo máis reducida que a do precedente de 2.011, presentando unha superficie total (bruta) de 36.227 m², categorizada como núcleo rural histórico-tradicional.

g) Ademais dos cambios xa indicados respecto do proxecto precedente, constan os seguintes:

- propón un pequeno aumento do grao de ocupación e da edificabilidade máximas de parcela, fixándoos no 30 % e 0,40 m²/m², respectivamente ⁴ (aptdos. 11.2.5.1 e 11.2.5.2),
- esixe illamento (recuado a lindeiros) ás novas vivendas (aptdo. 11.2.4),
- establece un tamaño máximo das edificacións (120 m² de ocupación en planta, aptdo. 11.2.6.1),
- fixa unha pendente mínima de cuberta (18 %; aptdo. 11.2.6.3),
- prohíbe as construcións de semisotos (aptdo. 11.2.6.6),
- introduce medidas de protección do arborado (aptdo. 11.2.8.5).





PTU-LU-11/087
CORGO, O (LUGO)
DSNR CHAMOSO, SAN FIZ DE
PARADELA
AD - Notif. Resolución
Páx. 3 de 3

Non se fan reparos a estas modificacións, valorándose positivamente as referidas nas letras c), d), e) e f), por facilitar unha mellor integración das novas actuacións edificatorias no ambiente do núcleo tradicional.

Daquela, e considerando a documentación achegada, estímase que o novo proxecto presentado da cumprimento ao requirido na Resolución desta Secretaría Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo de data 22/11/2011.

De acordo co punto 2 da Disposición Adicional Segunda da LOUG, e co artigo 12.1.b do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos expedientes de delimitación de solo de Núcleos Rurais correspóndelle á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

III. RESOLUCIÓN.

Visto canto antecede, RESOLVO:

1. Aprobar o proxecto de delimitación do solo de núcleo rural de CHAMOSO, na parroquia de San Fiz de Paradela, no Concello de O Corgo.
2. Contra esta Resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a CMATI, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó de notificación desta resolución, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente (artigos 48, 58, 114 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro). Si o interesado é unha administración pública non caberá interpoñer recurso en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso - administrativo perante a sala do Contencioso - administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación, sen prexuízo da formulación, no seu caso, do requirimento previo en igual prazo (artigo 44 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo da xurisdición contencioso - administrativa).
3. Notifíquese o concello e publíquese no Diario Oficial de Galicia"


O que se lle comunica para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2013

O subdirector xeral de Urbanismo

Juanjo Soorina Rodríguez





CHAMOSO

Conjunto edificatorio
1-01

Hórreo n° 1
1-02

382.53

398.35

421.56

622000

384.30

397.21

621600

621700

621800

621900

622000

622100

4755200

4755100

4755000

4754900

- 1° CATE (Núcleo edificatorio)
- 2° CATE (Núcleo inferior)
- 3° CATE (Núcleo inferior)
- 4° CATE (Núcleo inferior)


622100

REFERENCIA:
PRD/MU/14/09

PROMOTOR: JOSE MANUEL ALVAREZ DOVAL
DNI: 33351624Z

U.T.M. COORD:
X = 621.850
Y = 4.754.970

SITUACION PARROQUIAL DENTRO DO CONCELLO



CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS E PRODUCTIVAS	Nº DE HABITANTES (IGE 2011)	22 (Dinámica poboacional en ascenso)		
	Nº DE EDIFICACIONES DE TIPO VIVENDA	15	TRADICIONAL	12
			NON TRADICIONAL	3
			RUINA	0
Nº RESTO EDIFICACIONES USO AGROPECUARIO, ALMACENAXE ENSERES...		81		
ORIENTACION PRODUCTIVA		AGROFORESTAL		
		AGROPECUARIA		
		SERVICIOS		
		INDUSTRIAL		

CLASIFICACIÓN ARQUITECTÓNICA	
1ª CATEGORIA (Núcleo con alteración mínima nas edificacións tradicionais)	
2ª CATEGORIA (Núcleo con alteracións edificatorias inferiores ó 25% do total construído)	
3ª CATEGORIA (Núcleo con alteracións edificatorias inferiores ó 50% do total construído)	
4ª CATEGORIA (Núcleo con escaso valor arquitectónico)	

SUPERFICIES DAS ZONAS	
Núcleo rural histórico-tradicional	36.227 m ²
TOTAL	36.227 m ²

DE DATA

20 NOV. 2013



COAS CONDICIONS QUE NELA FIGURAN
O Servizo Servizo Provincial
de Urbanismo de Lugo

Asdo.: Fernando García-Fente Varela

El presente documento modificado en marzo de 2013, es el que someterá a informe de la Consellería de Cultura, previo a su nueva aprobación provisional, de conformidad con el decreto de 23 de abril de 2013.
O Corgo 23 de abril de 2013.
O Secretario
fdo: Marco Antonio García Gabilán Sangil

DILIGENCIA: Para hacer constar que el presente documento de delimitación de núcleo rural de Chamoso (Sanfiz de Paradela), fue aprobado provisionalmente por acuerdo del Pleno de 1 de agosto de 2013.
El Secretario:
Marco Antonio García Gabilán Sangil

letros

stral

	DELIMITACION DE NÚCLEO RURAL DE CHAMOSO; T. M. DE O CORGO (LUGO)		
	TÍTULO DO PLANO: DELIMITACION DO NÚCLEO		
	DATA: MARZO DE 2013	ESCALA: 1:1.500	Nº DE PLANO: 5
	Arquitecto Técnico: Antonio Javier Núñez Núñez Colegiado nº 424 COAAT Lugo		